



Rolda de prensa da APDR nun paseo pola ría no veleiro “NO CELULOSAS”

O Domingo 6 de xuño a APDR citou aos medios de comunicación no porto de Combarro (Poio) para facer unha roda de prensa navegando ata a illa de Tambo na embarcación de Juan Carlos Pérez que foi descualificada recentemente na "1ª Regata Interclubes de la Ría de Pontevedra-Premio Deputación de Pontevedra" por levar na súa vela o texto "No Celulosas".

Remarcouse que no conxunto dos concellos da Ría a maioría social apostou nas [eleccións municipais](#) polas forzas políticas que levan nos seus programas a eliminación do complexo ENCE/ELNOSA do seu actual emprazamento, polo que a pasteira debe pechar e saír da Ría.

Presentouse a próxima Marcha cotra Celulosas o 20 de xuño, con saída simultánea das alamedas de Marín e Pontevedra ás 19:30, dedicada este ano á memoria (no carto aniversario do seu falecemento) de Xan Montenegro, quen fora presidente da Asociación Veciñal de San Xulián e socio activo da APDR.



Con motivo da marcha editouse un novo número do Boletín da APDR “[Ría Aberta](#)” na que se expoñen as múltiples razóns (medioambientais, económicas e de calidade de vida) para acudir a mesma e recuperouse o lema “A ría e nos e non de celulosa” ante aqueles poderes fácticos que nos presentan a ENCE como a dona da Ría.

Subliñouse o rexeitamento de que a Lei de costas poda permitir unha nova concesión 50 anos e de que ningún [protocolo de saneamento subscrito polos municipios da Ría coa Xunta](#) podería ter efecto algún mentres non se elimine o principal foco emisor, ENCE / ELNOSA, e menos aínda se poderá protexer a [illa de Tambo](#). As promesas de ENCE de facer un paraíso terreal (modernizando a súa tecnoloxía e creando postos de traballo) caen en saco roto ante unha empresa que xa tivo 50 anos para facelo.

Así mesmo lémbrese a imposición dos intereses privados de ENCE (coa complicidade da Xunta de Galicia) nun modelo de xestión forestal en Galiza non sostible que prima un monocultivo do eucalipto coas súas consecuencias económicas e ambientais. (ver documentos [1](#), [2](#) e [3](#))

Pola súa banda o patrón do veleiro, Juan Carlos Pérez, reivindicou unha Ría aberta tamén a [liberdade de expresión](#) (aludindo á prohibición de participar na regata co lema “No celulosas”), criticou o emprazamento inxustificábel da fábrica en Lourizán cun tremendo impacto ambiental que hipotecou un paraíso natural que podería xerar máis postos de traballo en sectores como o turismo, subliñando como botón de mostra que, pese a non ter promoción algunha, é significativa a presenza na Ría de numerosas embarcacións de tipo deportivo e de recreo procedentes de Francia, Inglaterra e Irlanda.

